

ACTA NÚMERO: 15/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 9 DE MAIO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 9 de maio de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 2 de maio de 2024 (Reunión 14/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa A.C. Treixadura Gaiteiros para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024023824).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025 (Expte.- 2024021548).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023001036).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023001036).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 2 de maio de 2024 (Reunión 14/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 2 de maio de 2024 (Reunión 14/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa A.C. Treixadura Gaiteiros para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa +Música 2024. (Expte.- 2024023824).

O Secretario informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación nº 2024003613, de data 02/05/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa “+Música 2024”.

Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa A.C. Treixadura Gaiteiros (CIF: G36393635) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL) que se produciu o 03/05/2024.

En data 06/05/2024 a empresa A.C. Treixadura Gaiteiros (CIF: G36393635) presentou oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	28.500,00 €
IVE (21 %)	5.985,00 €
Importe ofertado con IVE	34.485,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por A.C. Treixadura Gaiteiros (CIF: G36393635) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Treixadura con cargo ao Programa “+Música 2024”.

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025 (Expte.- 2024021548).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 12 de abril de 2024, aprobouse o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento, do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 2 de maio de 2024, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras. As empresas admitidas foron as seguintes:

- AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros (NIF: A60917978).
- Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (CASER) (NIF: A28013050)
- Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (NIF: A28141935)
- QBE Europe SA/NV, Sucursal en España (NIF: W0174445G)
- WR Berkley Europe AG Sucursal en España (NIF: W0371455G)

Na reunión da Mesa de Contratación do día 2 de maio de 2024, tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICOS	EMPRESAS				
	AXA	CASER	MAPFRE	QBE EUROPE	WR BERKLE Y EUROPE
Menor prezo ofertado da prima total anual, ata un máximo de 70 puntos.	65,664	39,485	41,038	57,222	70,000
Redución de Franquías previstas no PPT, ata un máximo de 12 puntos	8,000	4,000	8,000	4,000	8,000
Reducción de la franquicia máxima general aplicable por siniestro (1.500 €), ata un máximo de 6 puntos	4,000	2,000	4,000	2,000	4,000
Reducción de la franquicia máxima específica para daños producidos por las instalaciones destinadas la distribución general y acometida de los servicios de agua u obras por siniestro (1.500 €), ata un máximo de 6 puntos.	4,000	2,000	4,000	2,000	4,000
Ampliación de límites e sublímites, ata 10 puntos	9,670	9,670	3,875	3,545	10,000
Incremento na contía prevista como límite de indemnización por siniestro e ano (5.000.000 €), ata 5 puntos.	4,670	4,670	2,000	1,670	5,000



Incremento na contía prevista como mínima para o sublímite de indemnización por vítima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzadas (600.000 €), ata 5 puntos.	5,000	5,000	1,875	1,875	5,000
Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos, ata 4 puntos	4,000	4,000	4,000	0,000	4,000
Responsabilidade civil publicitaria, ata 4 puntos	4,000	4,000	4,000	4,000	4,000
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "B"	91,334	61,155	60,913	68,767	96,000

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dun "Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025", que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1ª	WR Berkley Europe AG Sucursal en España (NIF: W0371455G)	96,000
2ª	AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros (NIF: A60917978).	91,334
3ª	QBE Europe SA/NV, Sucursal en España (NIF: W0174445G)	68,767
4ª	Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (CASER) (NIF: A28013050)	61,155
5ª	Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (NIF: A28141935)	60,913

2. Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato do "Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025" á empresa WR Berkley Europe AG Sucursal en España (NIF: W0371455G), conforme ao seguinte detalle:

1. Prima total anual ofertada: 74.082,75 €
2. Criterios cualitativos avaliados mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas:

a. Redución de Franquías previstas:

- a.1.- Redución da franquía máxima xeral aplicable por sinistro (1.500 €).

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía OFERTADA
1.000,00 €	500,00 €

- a.2.- Redución da franquía máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €)

Redución de Franquía OFERTADA	Importe franquía ofertada



1.000,00 €	500,00 €
------------	----------

b. Ampliación de límites e sublímites de indemnización:

- Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 7.500.000 €
- Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 400.000 €

c. Responsabilidade civil e patrimonial derivada da protección de datos. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil derivada de protección de datos de carácter persoal con sublímite de 300.000 € por sinistro e anualidade: si

d. Responsabilidade civil publicitaria. A empresa oferta a inclusión da responsabilidade civil publicitaria con un sublímite de 300.000 euros por sinistro e anualidade: si.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023001036).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 2 de abril de 2024, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de abril de 2024, aparecendo publicado o día 5 de abril de 2024 (Anuncio de licitación OJ S 68/2024 199968-2024). Así mesmo, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da



documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas nos seguintes lotes:

EMPRESAS LICITADORAS	LOTES NOS QUE PARTICIPA
ACEINSA MOVILIDAD S.A.	1,2,3
Alvac SA (Delegación Galicia)	1
Civis Global, S.L.U.	1,2,3
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	1,2,3
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU	1,2,3
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	1,2,3
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	2
UTE ACCIONA - Const Leonardo Miguélez	1,2,3
UTE API MOVILIDAD - CONST E C CASAS	1,3
UTE AUDECA - NAROM	1,2,3
UTE CONST FECHI - MATINSA	1,2,3
UTE COPASA - ORESA	1,2,3
UTE EXTRACO - XÉRMOLO	1
UTE FRANCISCO GOMEZ - XAC	1
UTE MISTURAS - XÉRMOLO	2,3
UTE OPAIN - AQUATERRA	1,2,3

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023001036).

A Mesa de Contratación na reunión do día 9 de maio do 2024 procedeu a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas aos seguintes lotes:

EMPRESAS LICITADORAS	LOTES NOS QUE PARTICIPA
----------------------	-------------------------



ACEINSA MOVILIDAD S.A.	1,2,3
Alvac SA (Delegación Galicia)	1
Civis Global, S.L.U.	1,2,3
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	1,2,3
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU	1,2,3
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	1,2,3
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	2
UTE ACCIONA - Const Leonardo Miguélez	1,2,3
UTE API MOVILIDAD - CONST E C CASAS	1,3
UTE AUDECA - NAROM	1,2,3
UTE CONST FECHI - MATINSA	1,2,3
UTE COPASA - ORESA	1,2,3
UTE EXTRACO - XÉRMOLO	1
UTE FRANCISCO GOMEZ - XAC	1
UTE MISTURAS - XÉRMOLO	2,3
UTE OPAIN - AQUATERRA	1,2,3

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas admitidas neste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, aos técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

